

Informe solicitado pola concelleira de economía e facenda (correo de 16-2-21), sobre tramitación do proxecto de orzamentos do concello, en caso de non aprobación polos consellos de administración das empresas de capital municipal TUSSA e INCOLSA, dos seus proxectos de orzamentos.

O artigo 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004), sinala que o Orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e neste documento, entre outros, intégranse segundo o artigo 164.1.c) os estados de previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís das que o seu capital sexa integramente da entidade local, é polo tanto unha competencia da alcaldía a elaboración do proxecto de orzamentos a efectos da súa tramitación, sendo esta unha competencia exclusiva, xa que é o único órgano coa potestade de presentar o seu propio proxecto de orzamentos dunha forma íntegra. Este proxecto de acordo co artigo 127.1b) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Lei 7/1985), ten que ser posteriormente aprobado pola Xunta de Goberno para seguir coa súa tramitación.


Por outra banda os estatutos das dúas empresas municipais (TUSSA, INCOLSA), recollen nos seus estatutos (artigos 23.K e 22.K) que son os consellos de administración os que aproban os proxectos de orzamentos, esixíndose para súa aprobación o requisito da “maioría absoluta dos conselleiros concorrentes a sesión” (artigos 21 e 20 dos estatutos de TUSSA e INCOLSA), maioría cualificada que non se esixe para a aprobación do orzamento municipal que se aproba por maioría simple (artigo 123.1.h en relación ao punto 2 do mesmo artigo da LRBRL).

No presente caso, entendo que os consellos citados, non se poden configurar como órganos que impidan que o alcalde exerza as súas funcións legais, xa que entre outros aspectos o propio Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, obriga a elaborar e aprobar anualmente un orzamento (artigo 164.1). O que é evidente é que neste caso os proxectos de orzamentos das empresas que se integran no orzamento consolidado, non son os aprobados polos consellos de administración, se non os da propia alcaldía o que pode dificultar na práctica a aplicación dos mesmos nas empresas citadas.

Ao final ao ser un acordo de competencia do Pleno da Corporación, será este órgano quen valide ou non o proxecto elaborado pola alcaldía que se someta a súa aprobación (artigo 123.1.h) LRBRL), lembrando que os conselleiros-as dos consellos de administración das empresas citadas, son tamén membros do Pleno, polo que non se ve impedido o dereito de participación nos asuntos públicos, dado que neste órgano poden exercer o dereito ao voto, no senso que consideren.

Polo tanto infórmase:

Que no caso de que os consellos de administración das empresas municipais non aproben o seu propio proxecto de orzamento, segundo se indica nos seus respectivos estatutos,



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

podería o alcalde en base a lexislación sinalada incorporalos (estes ou outros), o seu propio proxecto de orzamento para a súa tramitación legal.

Este é o informe que sen prexuízo de calquera outro mellor fundamentado en Dereito se emite en Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Asdo.: José Ramón Alonso Fernández